



Venres Santo

Queridos irmáns,

Ante o escándalo da Paixón do Señor, de que a verdade do seu amor e o cumprir a vontade do Pai o levasen a morrer na Cruz, a nosa fe responde que isto sucedeu, segundo as Escrituras, para o perdón dos nosos pecados e os de todo o mundo. Estas eran xa as palabras coa que a súa misión foi anunciada polo Anxo a María: salvará ao seu Pobo dos pecados; Xoán Bautista presentáralo como “o Cordeiro de Deus que quita o pecado do mundo”; e así transmite Mateo a intención explícita de Xesús, manifestada na Última Cea: este é o meu sangue da alianza, derramada por moitos para o perdón dos pecados.

O escándalo bota as súas raíces en que a relación do home con Deus –e a non relación, distanciándose da fonte da vida, da verdade e do amor– pasa pola liberdade humana, presente no máis íntimo de cada un, discreta, quizá escondida na actitude profunda do propio corazón.

Necesitamos unha relación con Deus clara e forte, unha fe firme, unha confianza grande. Nel e na súa providencia bondadosa, para afrontar os desafíos de cada día, de acordo coa verdade da vida, coa lei que corresponde verdadeiramente ao ser humano; e que

non é a do egoísmo, nin a da vitoria do grande sobre o pequeno, senón que é aquela que está dita no Evanxeo e está viva na graza de Deus, no seu Espírito, que é amor.

Pero esta relación, esencialmente libre, só chega a ser firme cando podemos recoñecer o seu amor no presente, apoiarnos nel, camiñar na súa compañía.

Este Amor inmenso foinos revelado polo Señor Xesús, que se entregou por nós sen límite algún. Levamos esta certeza no fondo do corazón, constitúe o núcleo mesmo da nosa fe.

Pero tantas cousas fálannos doutra maneira, e mesmo, podería parecernos, o mundo enteiro. Non consiste o verdadeiro realismo en deixar de esperar en Deus, en saber que non hai máis axuda que o poder e as forzas de que dispoñemos? Non debemos entender a nosa existencia no contexto dos plans, recursos e proxectos deste mundo? E, por tanto, non haberíamos de poñer a nosa confianza en quen os dirixe, nos poderosos?

Nestas formulacións, quen triunfa pode pensar que está xa seguro e tranquilo; aínda que moitos se quedaron polo camiño, esquecidos. Pero, en realidade, é unha forma de vivir na que non hai atención verdadeira pola persoa particular de ninguén, pois a todos xúlgase fundamentalmente pola utilidade. Ningún proxecto ou ideoloxía deste mundo está destinado a servir ao ben das nosas persoas, aínda que podamos ser tidos en conta e usados para alcanzar os fins acordados.

Xérase así una certa incomodidade interior, unha tristeza pola que te vas distanciando da responsabilidade coas cousas e coas persoas, a tendencia á fuxida cara a un mundo propio e privado. Dominan entón facilmente a vaidade, as reaccións inmediatas, o movemento instintivo, a falta de compaixón, a deshonestidade e non o amor á verdade. É o pecado, que pode tomar moitas formas, pero sempre é un marcharse, unha perda do tempo e das posibilidades da vida; e que pode chegar a ser abandono do próximo, mentira, aceptación da morte como último horizonte.

Pola contra, o Señor afirma ata o final o amor polas nosas persoas, mostrando na cruz que toma totalmente en serio a nosa situación, como somos, como o noso poder humano deriva en violencia, arrastra ás persoas, non se detén ante a morte do inocente, despreza ao humilde e ao pobre, porque os propios proxectos son máis importantes.

Na cruz revélase, en cambio, a bondade coa que o Señor Xesús mira a cada un; unha bondade que é o poder máis verdadeiro e ilimitado, que atravesa toda escuridade e todo pecado, capaz de abrazar e recrear ás nosas persoas feridas, ingratas, necesitadas, con toda a radicalidade dun Amor que é eterno e infinito.

Así aprendemos, non só que os nosos pecados poden atopar misericordia; senón que somos abrazados cunha comprensión e un afecto inimaxinables,

como o Pai acolleu ao fillo pródigo, como unha nai coida ao fillo nado das súas entrañas, cando está en gran necesidade e perigo.

Recoñecemos o Amor do Señor, verdadeiramente divino, que se nos comunica como un feito da nosa historia. Cristo padeceu realmente, veu ao noso encontro, sendo aínda inxustos e pecadores. El non nos deixa de lado, non estamos sós. E sobre esta relación podemos construír a vida, con esperanza inquebrantable.

Pois se experimentamos que a nosa liberdade, por si mesma, é inconstante e fráxil, estamos seguros agora de que o seu Amor “todo o escusa, todo o cre, todo o espera, todo o soporta”; e de que, resucitado, o seu Amor “non pasa nunca”. Sabemos da súa grandeza, da súa constancia máis aló da morte; e dicimos co apóstolo: “quen nos separará do amor de Cristo?”.

Contemplando o camiño do Señor Xesús, espértase de novo a nosa fe en Deus, no seu designio bo para nós e para a nosa vida. E crece o agradecemento pola súa xenerosidade inmensa, pola súa entrega por nós, que nos redime do mal e reconforta o noso corazón doído; por que se restaura a relación de Deus connosco, que fortalece a nosa liberdade, faille dar froitos de humanidade verdadeira, e prométenos vida eterna.

Non queremos nin podemos negar xa esta mirada súa sobre nós, que El nos mostrou coa súa vida e coa súa morte. Ao contrario, podemos ser testemuñas desta tenrura e desta forza do amor do Señor ante o noso próximo, os uns para cos outros.

Más aínda, estamos chamados a anunciar a esperanza ao mundo, a dicirlle que non está deixado á súa sorte, que non está gobernado pola lei do máis forte, que a historia non se fai coa violencia e as guerras. Estamos chamados a facer presente no mundo o Amor de Deus que o sostén, que evita que se encerre e se esgote en si mesmo, que lle dá a maior dignidade posible ao permitir que os homes fagamos nesta terra camiños de liberdade e de salvación.

Que o corazón plenamente fiel, inmaculado e libre da Virxe María nos consiga a graza de responder como ela ao Señor, a quen adoramos sacrificado por nós na cruz; de que a nosa alma e a nosa mente, conmovidas pola manifestación da seu Amor, dean as costas ao pecado e se volvan confiadas á esperanza da salvación, á vida nova, en comunión con Deus e cos irmáns.

Alfonso,
Bispo de Lugo